

Aprezado/a abonado/a:

Ante a inminente chegada da época estival, informámoslle de como será o funcionamento das áreas deportivas municipais MáisQueAuga durante o noso sexto verán xuntos:

PECHA A INSTALACIÓN NO VERÁN? MQA funciona os 12 meses do ano, unicamente pecharemos a zona de auga (piscinas + zona relax) durante pouco máis de 15 días, para efectuar as tarefas de mantemento e limpeza que marca o Regulamento sanitario de piscinas da Xunta de Galicia, alternando o peche entre os tres centros; así sempre terá unha ou dúas instalacións á súa disposición:

- **MQA COIA-FLORIDA:** peche da Zona de Auga do 1 ao 15 de Agosto.
- **MQA NAVIA:** unicamente pecha a Zona Spa do 16 ao 31 de Agosto.
- **MQA BARREIRO:** peche da Zona de Auga do 16 ao 31 de Agosto.

CAL É O HORARIO DE VERÁN (Xullo e Agosto)? Aumentamos o número de horas de apertura das instalacións.

- **NAVIA:**

- Luns a Venres:
 - De 7h a 14:30h.
 - De 14:30h a 17:30h (só do 01 ao 31 de Xullo).
 - De 17:30h a 23:30h.
- Sábados de 9h a 14:30h.
- Domingos de 9h a 14:30h (só do 01 ao 31 de Xullo).

- **BARREIRO:**

- Luns a Venres:
 - De 7h a 14:30h.
 - De 14:30h a 17:30h (só do 01 ao 15 de Agosto).
 - De 17:30h a 23:30h.
- Sábados de 9h a 14:30h.
- Domingos de 9h a 14:30h (só do 01 ao 15 de Agosto).

- **COIA:**

- Luns a Venres:
 - De 7h a 14:30h.
 - De 14:30h a 17:30h (só do 16 ao 31 de Agosto).
 - De 17:30h a 23:30h.
- Sábado de 9h a 14:30h.
- Domingos de 9h a 14:30h (só do 16 ao 31 de Agosto).

- (Instalacións pechadas en festivos)

ACCESOS ENTRE INSTALACIÓNS:

- Mantéñense as mesmas condicións de accesos entre centros que durante o inverno, agás:
 - Horario de “Mediodía” e “Domingos”, ao ser en rotación ao longo do verán poderá facer uso do mesmo calquera socio MQA.
 - Nas datas de peche da zona de Auga da instalación, poderase utilizar calquera dos outros centros.

SERVIZOS PARA @S SOCI@S? Novidades respecto a anos anteriores (Xullo e Agosto):

- XOGOTECA DE BALDE (Barreiro e Navia):
 - Navia: Martes e Xoves de 19h a 20:30h.
 - Barreiro: Luns e Mércores de 19h a 20:30h.
 - Polas mañás poderanse contratar xornadas de 1 día solto de Luns a Venres no “Campus Multideporte” (Barreiro e Navia).
- Reservas de PÁDEL DE BALDE para “abonados MQA e Pádel”, para calquera partida de Luns a Venres (7h a 14:30h).
- Actividades de AUGA DE BALDE con monitor, reservaranse prazas no Kiosko:
 - Para **Adultos:** MQMaster, MQAaquagym, MQAquaTraining, MQDescubre, MQProgres, MQPerfeccionamento, etc.
 - Para **Adolescentes** de 12-17 anos: MQaquaXoven.
 - Para **Pais/Nais/Fillos:** actividades en familia, festivais acuáticos e sesións lúdicas (MQFestiFamily).

- Actividades de SECO DE BALDE con monitor, reservaranse prazas no Kiosko:
 - Para **Adultos**: programación habitual de verán.
 - Para **Adolescentes** de 12-17 anos: *MQzumbaXoven, MQstepXoven, MQbodycrossXoven*.
- Pista MULTIDEPORTE e ZONA DE LECER DE BALDE para abonados (adultos e nen@s) de uso libre.
- Ao longo da segunda quincena do mes de xuño porase en funcionamento o SOLARIUM de Barreiro e Navia.
- Polo simple feito de ser abonad@ MQA, durante os meses de xullo e agosto, terá prioridade á hora de contratar unha praza nos cursos da vindeira tempada 2016-2017, tendo de prazo ata o **1 de agosto**.

PRAZAS PARA OS CURSOS DA PRÓXIMA TEMPADA? (piscina, actividades dirixidas e pádel)

- A súa praza renovarase de forma automática para o inicio da nova tempada en SETEMBRO de 2016, o cargo pasarase polo banco o 1 de setembro, salvo que comunique a baixa por escrito en recepción antes do **1 de xullo 2016**.
- Polo tanto, terá preferencia (igual c@s abonad@s) ata o **1 de agosto** para cambiar de hora a súa actividade, ou para optar aos novos horarios da vindeira tempada.
- Para usuarios de baixa/clientes externos, o período de inscrición **comeza o 13 de agosto**.

OFERTARANSE CURSOS INTENSIVOS DE PISCINA/PÁDEL EN XULLO e AGOSTO?

- Cursos de **XULLO**: a partir do 20 de xuño publicarase a oferta de cursos (auga, seco e pádel) de xullo. Poderá inscribirse en recepción aboando unicamente o importe de 1 mes, sen que supoña ningún tipo de vinculación con meses posteriores, dado que será unha programación específica para o devandito mes; agás PÁDEL, onde si haberá unha continuidade entre xullo e agosto, por se desexa que se lle cargue a remesa bancaria a día 1, tras inscribirse o primeiro mes.
- Cursos de **AGOSTO**: a partir do 18 de xullo publicarase a oferta de cursos (auga, seco e pádel) de agosto. Poderá inscribirse en recepción aboando unicamente o importe de 1 mes, sen que supoña ningún tipo de vinculación con meses posteriores, dado que será unha programación específica para o devandito mes; agás PÁDEL, onde si haberá unha continuidade entre xullo, agosto, por se desexa que se lle cargue a remesa bancaria a día 1, tras inscribirse o primeiro mes.
- Para @s nen@s está aberto o período de matrícula do **“VI CAMPUS MULTIDEPORTE DE VERÁN”** e o **“I STAGE DE PÁDEL”**, Infórmese sen compromiso.

VIGO,
terreo de xogoMoitas grazas pola súa confianza

máis que auga